

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 6 de xuño de 2025

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do día 6 de xuño do ano dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artime, Luisa María Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto *Gabriel Rodríguez Alonso*, Secretario Acctal., e está presente o Interventor, *Antonio Graña Gómez*.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Belén Cachafeiro Anta e María Sandra Bastos Míguez* e os deputados *Marcos Guisasaola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.35309.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 30 de maio de 2025.

2.35310.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA A ADQUISICIÓN OU ADAPTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE E MOBILIDADE DIRECTAMENTE VINCULADOS AO DESENVOLVEMENTO DA SÚA ACTIVIDADE DEPORTIVA HABITUAL NO ANO 2025 (EXPTE.2025003001)

Retírase da orde do día, pendente de mellor estudo, o expediente relativo á “*Aprobación das bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra para a adquisición ou adaptación de medios de transporte e mobilidade directamente vinculados ao desenvolvemento da súa actividade deportiva habitual no ano 2025*” (Expte.2025003001).



3.35311.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE FORCAREI AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA DRENAXE, MARXES E VIAIS NOS NÚCLEOS DE PARDESOA, MALBURGO E A GRELA” (EXPTE. 2025019132)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- Mediante Resolución Presidencial RP2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 28/03/2025, mediante rexistro WEB2025022916, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do *concello de Forcarei* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 112.897,97 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora da drenaxe, marxés e viais nos núcleos de Pardeso, Malburgo e A Grela*”, en base a un orzamento polo mesmo importe. O importe do orzamento contempla 104.146,19 € de execución de contrata, IVE engadido e 8.751,78 € de honorarios técnicos (4.375,89 € redacción do proxecto, 3.500,71 € de dirección de obra e 875,18 € de coordinación de seguridade e saúde), IVE engadido.
- O *Concello*, consonte ao recollido na base 5ª das reguladoras, solicita expresamente o traspaso do importe que ascende a 75.033,21 € á Liña 1-Investmentos. Este importe corresponde á totalidade das cantidade asignadas ás Liñas 2 e 4 e ao sobranche da Liña 3.
- Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.
Na data de presentación da solicitude de subvención o informe do redactor do proxecto, avalado polo técnico municipal contempla á necesidade de outorgamento da autorización sectorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e unha declaración responsable da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (Zona Hidrográfica de Galicia Sur).
A devandita autorización e a resolución (ou o acordo) de aprobación de proxecto serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico/o competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.



- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 31/03/2025, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 27/05/2025, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 27/05/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Forcarei*, CIF P3601800J, a cantidade de 112.897,97 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora da drenaxe, marxes e viais nos núcleos de Pardesoa, Malburgo e A Grela*” (expediente: 2025019132), en base a un orzamento polo mesmo importe.
O importe do orzamento contempla 104.146,19 € de execución de contrata, IVE engadido e 8.751,78 € de honorarios técnicos (4.375,89 € redacción do proxecto, 3.500,71 € de dirección de obra e 875,18 € de coordinación de seguridade e saúde), IVE engadido.
- A presente concesión fica condicionada á obtención da autorización sectorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático; ao pronunciamento sobre a declaración responsable presentada na Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (Zona Hidrográfica de Galicia Sur), así como, á achega da resolución ou do acordo de aprobación do proxecto.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ao gasto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, ao abeiro da Base Reguladora 34ª do Plan + Provincia 2025, o investimento subvencionado deberá estar executado a 31 de decembro de 2026 e xustificado a 31 de marzo de 2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Forcarei*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



4.35312.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O GROVE AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PROGRAMA PON2030 DO INVESTIMENTO “INSTALACOES DEPORTIVAS EN BIZOCAS” (EXPTE.2025021355)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- Mediante Resolución Presidencial RP2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- No marco do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da axenda 2030- Programa PON2030, asinouse un convenio de colaboración entre o *concello de O Grove* e a Deputación Provincial (expediente: 2023030674) no que se concede ao concello de O Grove unha subvención de 743.428,93 euros para financiar a actuación denominada “*Instalacións deportivas en Bizocas*” cun orzamento que ascende a 930.411,13 euros, sendo a achega municipal de 186.982,20 euros

PROGRAMA	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN DE DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA- PON2030	ACHEGA MUNICIPAL (Concello O GROVE)
PON2030	930.411,13€	743.428,93€	186.982,20€

- En data 02/04/2025, con número de rexistro WEB2025024872, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do *concello de O Grove* na que, acolléndose ao disposto nas bases 1ª, 23ª das reguladoras do Plan, (que permite ás entidades municipais destinar parte ou a totalidade da cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais para investimentos acollidos noutros plans, programas ou convenios da propia Deputación ou doutras administracións cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal), solicita con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 186.982,20 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal do convenio asinado entre o *concello de O Grove* e a Deputación Provincial- Programa PON2030 para o investimento “*Instalacións deportivas en Bizocas*”, sendo o seu orzamento de 930.411,13 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Orzamento	Subvención a cargo do Plan + Provincia 2025	Achegas doutros Plans
930.411,13€	186.982,20€	743.428,93€ (PON2030)



- O *Concello*, consonte ao recollido na base 5ª das reguladoras, solicita expresamente o traspaso de fondos da Liñas 2, 3 e 4 á Liña 1.
- Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do *Concello* relativo á titularidade e cesión, do ben sobre o que se pretende actuar, así coma o informe técnico sobre a normativa sectorial.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.
Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaban pendentes de outorgamento as autorizacións sectoriais da Consellería de Economía, Industria e Innovación e da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (IET).
- A execución e a xustificación deste investimento suxeitarase as norma do plan que se co-financia conforme ao establecido na base 23ª do Plan, sendo aquel o Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da axenda 2030 – Programa PON2030.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 1ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que permiten destinar a cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais a investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do Plan + Provincia 2025.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos o informe da xefa do servizo de Cooperación, de data 14/04/2025, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 19/05/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder unha subvención ao *Concello do Grove*, CIF P3602200B, ao abeiro do Plan + Provincia 2025 Liña 1-Investmentos, por importe de 186.982,20 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Programa PON2030 do investimento “*Instalacións deportivas en Bizocas*” (expediente: 2025021355) cuxo orzamento ascende a 930.411,13 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención a cargo do Plan + Provincia 2025	Achegas doutros Plans
930.411,13€	186.982,20€	743.428,93€(PON2030)

- A presente concesión queda condicionada á obtención das autorizacións sectoriais do Instituto de Estudos do Territorio e da Consellería de Economía, Industria e Innovación, sendo imprescindible que o *Concello* as remita á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- A execución e xustificación deste investimento rexeráse polas normas do Programa PON2030, de acordo co establecido na base 23 das reguladoras do Plan + Provincia 2025.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de O Grove*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

5.35313.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O GROVE, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2025, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “GASTOS CORRENTES DOS SERVIZOS MUNICIPALS” (EXPTE.2025021320)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 27 de decembro de 2024, mediante acordo núm.3.8316, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2025.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.



- En data 02/04/2025, con rexistro núm. WEB2025024988, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2025, petición do Concello do Grove na que solicita unha subvención por importe de 166.550,00 euros, con destino ao financiamento de “*Gastos correntes dos servizos municipais*” (Expte.:2025021320), cun orzamento polo mesmo importe.
- En data 30/04/2025, con rexistro WEB2025031247, completase a documentación enviada inicialmente.
- O concello solicita o traspaso de 163.602,24 euros da liña 1-investmentos e 43.554,16 euros da liña 3-activación do emprego á liña 2. Así mesmo, achégase informe da interventora municipal na que se indica que non hai gastos de exercicios pechados pendentes de aprobar.
- Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta orientativa coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2025 e son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
Mantemento e conservación de mobiliario urbano	5.555,45 €	5.555,45 €
Aluguer de maquinaria para limpeza de rúas	18.000,00 €	18.000,00 €
Desbroce e mantemento de camiños	64.000,00 €	64.000,00 €
Servizo de recollida de RSU	14.994,55 €	14.994,55 €
Mantemento e conservación de espazos públicos	18.000,00 €	18.000,00 €
Traballos de pintado de rúas	18.000,00 €	18.000,00 €
Mantemento dos accesos á praias	18.000,00 €	18.000,00 €
Mantemento de instalacións deportivas	10.000,00 €	10.000,00 €
TOTAL	166.550,00 €	166.550,00 €

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)



- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 27/05/2025, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 28/05/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de O Grove*, CIF:P3602200B, a cantidade de 166.550,00 euros, con destino ao financiamento de “*Gastos correntes dos servizos municipais*” (Expte.:2025021320) cun orzamento polo mesmo importe para a realización das seguintes actuacións:



	Orzamento	Subvención
Mantemento e conservación de mobiliario urbano	5.555,45 €	5.555,45 €
Aluguer de maquinaria para limpeza de rúas	18.000,00 €	18.000,00 €
Desbroce e mantemento de camiños	64.000,00 €	64.000,00 €
Servizo de recollida de RSU	14.994,55 €	14.994,55 €
Mantemento e conservación de espazos públicos	18.000,00 €	18.000,00 €
Traballos de pintado de rúas	18.000,00 €	18.000,00 €
Mantemento dos accesos á praias	18.000,00 €	18.000,00 €
Mantemento de instalacións deportivas	10.000,00 €	10.000,00 €
TOTAL	166.550,00 €	166.550,00 €

- Non obstante, a subvención queda condicionada a obtención da autorización sectorial do Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico e do informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia, posto que son necesarios para levar a cabo a actuación de Mantemento dos accesos á praias.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, aprobadas por acordo núm.3.8316 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 27 de decembro de 2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2025 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2026. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de O Grove*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

6.35314.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE ALAMA, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2025, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS” (EXPTE.2025021201)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 27 de decembro de 2024, mediante acordo núm.3.8316, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2025.



- Mediante Resolución Presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.
- En data 02/04/2025, con rexistro núm. WEB2025024873, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2025, petición do Concello da Lama na que solicita unha subvención por importe de 98.650,24 euros, con destino ao financiamento de “*Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais*” (Expte.:2025021201), cun orzamento polo mesmo importe.
- O concello solicita o traspaso de 98.650,24 euros da liña 1-investmentos á liña 2. Así mesmo, remite certificado da secretaria no que se indica que o concello non conta con gastos ou investmentos de exercicios pechados para os que non exista crédito.
- Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta orientativa coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2025 e son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
Servizo de asistencia técnica de arquitectura	16.698,00 €	16.698,00 €
Asistencia técnica para a evacuación de parques eólicos	16.758,50 €	16.758,50 €
Subministración de granito silvestre para os espazos públicos	9.994,60 €	9.994,60 €
Contrato de servizos de adecuación de alumeadado público	18.101,60 €	18.101,60 €
Contrato de servizo de asesoramento tecnolóxico	3.615,48 €	3.615,48 €
Servizo de mantemento de vehículos de servizos básicos	9.933,74 €	9.933,74 €
Subministración de material para o acceso aos núcleos de poboación	14.176,89 €	14.176,89 €
Servizo de mantemento e abastecemento de auga	5.680,62 €	5.680,62 €
Servizo de control analítico de augas	3.690,81 €	3.690,81 €
TOTAL	98.650,24 €	98.650,24 €

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 20/05/2025, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 28/05/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de A Lama*, CIF:P3602500E, a cantidade de 98.650,24 euros con destino ao financiamento de “*Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais*” (Expte.:2025021201), cun orzamento polo mesmo importe para levar a cabo as seguintes actuacións:

	Orzamento	Subvención
Servizo de asistencia técnica de arquitectura	16.698,00 €	16.698,00 €
Asistencia técnica para a evacuación de parques eólicos	16.758,50 €	16.758,50 €
Subministración de granito silvestre para os espazos públicos	9.994,60 €	9.994,60 €
Contrato de servizos de adecuación de alumado público	18.101,60 €	18.101,60 €
Contrato de servizo de asesoramento tecnolóxico	3.615,48 €	3.615,48 €
Servizo de mantemento de vehículos de servizos básicos	9.933,74 €	9.933,74 €
Subministración de material para o acceso aos núcleos de poboación	14.176,89 €	14.176,89 €
Servizo de mantemento e abastecemento de auga	5.680,62 €	5.680,62 €
Servizo de control analítico de augas	3.690,81 €	3.690,81 €
TOTAL	98.650,24 €	98.650,24 €

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, aprobadas por acordo núm.3.8316 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 27 de decembro de 2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2025 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2026. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de A Lama*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.



7.35315.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MEIS AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ELIMINACIÓN DA FOSA SÉPTICA DE SILVOSO, EXECUCIÓN DE EBAR E CONEXIÓN Á REDE DE SANEAMENTO EXISTENTE” (EXPTE.2025021093)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
 - Mediante Resolución Presidencial RP2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
 - En data 01/04/2025, mediante rexistro WEB2025024429, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do concello de Meis na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 95.393,33 euros, co obxecto do financiamento do investimento “Eliminación da fosa séptica de Silvoso, execución de EBAR e conexión á rede de saneamento existente”, en base a un orzamento polo mesmo importe. O importe do orzamento contempla 90.593,33 € de execución de contrata, IVE engadido e 4.800,00 € de honorarios técnicos (3.250,00 € dirección de obra e 716,94 de coordinación de seguridade e saúde), IVE engadido.
 - O Concello, consonte ao recollido na base 5ª das reguladoras, solicita o traspaso da totalidade da Liña 4 (= 13.899,95 €) á Liña 1 – Investmentos.
 - Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos bens/terreos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.
 - Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.
- Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaban pendentes de outorgamento as autorizacións sectoriais de: servizo de Infraestruturas e Vías provinciais da Deputación de Pontevedra, Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude que deberán ser achegadas polo Concello coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico/o competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.



- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 07/05/2025, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 08/05/2025, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 20/05/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Meis* (CIF P3602800) a cantidade de 95.393,33 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Eliminación da fosa séptica de Silvoso, execución de EBAR e conexión á rede de saneamento existente*” (expediente: 2025021093), en base a un orzamento (CSV: 197SL7S9FX5GF9U3) polo mesmo importe.
O importe do orzamento contempla 90.593,33 € de execución de contrata, IVE engadido e 4.800,00 € de honorarios técnicos (3.932,50 € dirección de obra e 867,50 de coordinación de seguridade e saúde), IVE engadido.
- A presente concesión queda condicionada a obtención das autorizacións sectoriais de: servizo de Infraestruturas e Vías provinciais da Deputación, Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (AXI), Consellería de Medio Ambiente e Cambio climático (Augas de Galicia), Consellería de Cultura, Língua e Xuventude e Consellería do Medio Rural (servizo de Concentración parcelaria), sendo imprescindible que o Concello as remita á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Ao abeiro da Base Reguladora 34 do Plan + Provincia 2025, o investimento subvencionado deberá estar executadas a 31 de decembro de 2026 e xustificado a 31 de marzo de 2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Meis*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

8.35316.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SILLEDA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REFORMA DE LA “PRAZA DA IGREXA” DE SILLEDA” (EXPTE.2025018958)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.

Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 27/03/2025, mediante rexistro WEB2025022241, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2025, dunha petición do concello de SILLEDA na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 192.090,43 euros, co obxecto do financiamento do investimento “REFORMA DE LA “PRAZA DA IGREXA” DE SILLEDA”, cuxo orzamento ascende 192.090,43 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
192.090,43 €	192.090,43 €	0,00 €	0,00 €

O orzamento contemplan honorarios de redacción de proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 12.463,00 euros.

En datas posteriores, o Concello emenda e completa a documentación achegada.



Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar con autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e do Departamento territorial de Pontevedra da Concellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27^a, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15^a do Plan +Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 28/04/2025, e da xefa do servizo de Cooperación de data 29/04/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 14/05/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Silleda* (CIF:P3605200I), ao abeiro do Plan +Provincia 2025 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 192.090,43 euros co obxecto do financiamento do investimento “REFORMA DE LA "PRAZA DA IGREXA" DE SILLEDA” (exp: 2025018958), cuxo orzamento ascende 192.090,43 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
192.090,43€	192.090,43€	0,00€	0,00€



O orzamento contemplan honorarios de redacción de proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 12.463,00 euros.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a que o Concello achegue coa primeira xustificación do gasto realizado as autorizacións sectoriais da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e do Departamento territorial de Pontevedra da Concellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan +Provincia 2025, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Silleda*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

9.35317.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1- INCREMENTOS, CO OXECTO DO FINANCIAMENTO DO INCREMENTO “AMPLIACIÓN DOS SERVIZOS DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA AMEAL” (EXPTE.2025021328)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.

Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Incrementos.

En data 02/04/2025, mediante rexistro WEB2025024953, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2025, dunha petición do *Concello de Vilagarcía de Arousa* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 97.672,23 euros, co obxecto do financiamento do investimento “AMPLIACIÓN DOS SERVIZOS DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA AMEAL”, cuxo orzamento ascende 97.672,23 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
97.672,23 €	97.672,23 €	0,00 €	0,00 €

En datas posteriores, o Concello emenda e completa a documentación achegada.



Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar con autorización sectorial de Augas de Galicia.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 06/05/2025, e da xefa do servizo de Cooperación de data 08/05/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 23/05/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Vilagarcía de Arousa* (CIF:P3606000B), ao abeiro do Plan +Provincia 2025 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 97.672,23 euros co obxecto do financiamento do investimento “AMPLIACIÓN DOS SERVIZOS DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA AMEAL” (expte: 2025021328), cuxo orzamento ascende 97.672,23 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
97.672,23€	97.672,23€	0,00€	0,00€



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a que o Concello achegue coa primeira xustificación do gasto realizado a autorización sectorial de Augas Galicia.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan +Provincia 2025, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vilagarcía de Arousa*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

10.35318.- MODIFICACIÓN DO DOCUMENTO TÉCNICO DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS HOSPITAL POUSADELA RELATIVO AO INVESTIMENTO “CARPA DESMONTABLE” NO MARCO DO PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2024.(EXPTE.2024014014)

Consta no expediente número 2024014014, o informe da xefa de servizo de cooperación, de data 29/04/2025, que literalmente di como segue:

SERVIZO	Cooperación
Nº. EXPEDIENTE	2024014014
BENEFICIARIO	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS HOSPITAL POUSADELA
PLAN/PROGRAMA	PLAN PROVINCIA COMUNITARIA (BOPPO: 20/12/2023)
ASUNTO	Modificación de memoria
OBXECTO	CARPA DESMONTABLE

INFORME PROPOSTA

ANTECEDENTES

Mediante o acordo da Xunta de Goberno número 3.34326 de data 31/10/2024, concedense unha subvención, ao abeiro do Plan Provincia Comunitaria 2024, por importe de 10.000,00 euros á Asociación de veciños Hospital Pousadela co obxecto do financiamento da actuación “Carpa desmontable” (expediente: 2024014014), en base a un orzamento de 23.897,50 euros

En data 11/04/2025 consta entrada na sede electrónica da Deputación, co rexistro número WEB2025027738, instancia da Asociación de veciños Hospital Pousadela, na que solicita a modificación do documento técnico da actuación mencionada no parágrafo anterior.



A entidade interesada achega documento de memoria técnica valorada.

Os documentos presentados son suficientes para a definición detallada da actuación e, por tanto, para a concesión e posterior xustificación da mesma, constando de todos os documentos esixidos pola lexislación vixente.

As actuacións son subvencionables por atoparse dentro das tipoloxías indicadas na base Primeira, punto 1.3 das devanditas Bases reguladoras.

Todas as actuacións teñen lugar integramente no territorio da provincia de Pontevedra.

Na nova memoria a entidade solicitante xustifica unha modificación da memoria por non execución de unidades accesorias ó subministro principal que non desvirtúa aquel.

Segundo a base décimo sétima (Modificación da resolución de concesión) a cal indica que:

A modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión, nin se prexudiquen dereitos de terceiros e non deberá variarse o destino ou finalidade da subvención.

Revisada a documentación presentada o destino ou finalidade da subvención non varía, nin se prexudican dereitos de terceiros. Asemade, indicar que nesta convocatoria non foi preciso aplicar a base SEXTA, punto 6.1 das devanditas Bases reguladoras (criterios de concesión polo procedemento de concorrencia competitiva) ao ser obxecto de concesión de subvención toda as solicitudes presentadas.

No caso que nos ocupa presentase partidas a xustificar que conteñen as seguintes tipoloxías de prezos:

Prezos e unidades concretas para os que non existen referencias nas citadas tarifas. Non é posible atopar nas tarifas unha unidade equivalente á solicitada considerándose, por tanto, válida a pesar de non estar incluída nelas, segundo as bases do plan. Estes prezos atópanse dentro do valor de mercado segundo o indicado na base primeira, punto 2 das bases reguladoras do Programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra (Plan Provincia Comunitaria 2024), considerándose este como o máis habitual nos establecementos de proximidade da provincia.

No caso de que a execución do proxecto subvencionado teña un custe inferior ao inicialmente previsto, o pago da subvención realizarase de acordo co custe real do proxecto executado e xustificado, ata o límite do importe concedido.

Compre indicar que o orzamento da modificación presentada pola entidade solicitante ascende a 9.800,00+ive sendo inferior ao inicial de 19.750,00+ive.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases reguladoras do Plan Provincia Comunitaria 2024
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral) –
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do Plan Provincia Comunitaria 2024, relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigos 79 e 80 da LPAC sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPAC, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª das de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base 17ª do Plan Provincia Comunitaria, reguladora da modificación da resolución de concesión.

CONCLUSIÓNS

A solicitude da Asociación de veciños Hospital Pousadela de modificación do documento técnico correspondente a actuación “Carpa desmontable” (expediente 2024014014) e para a cal foi concedida, no marco do Plan Provincia Comunitaria 2024 (BOPPO: 20/12/2023) unha subvención por importe de 10.000,00 euros, axústase ás consideracións xurídicas expostas.

A modificación presentada non varía o destino ou finalidade da subvención, nin se prexudican dereitos de terceiros. Asemade, indicar que nesta convocatoria non foi preciso aplicar a base SEXTA, punto 6.1 das devanditas Bases reguladoras (criterios de concesión polo procedemento de concorrencia competitiva) ao ser obxecto de concesión de subvención tódalas solicitudes presentadas.

Dito o anterior e a vista das consideración técnicas e legais expostas tratase dunha actuación operativa posto que contén os elementos necesarios para acadar a finalidade a cal foi obxecto de subvención inicial.

Visto que o facultativo técnico do Servizo de Cooperación emitiu en data 29/04/2025, informe favorable de supervisión e control do documento descritivo das actuacións a levar a cabo (CSV: H9DVKRAW6WNF4ESX).

Visto que se cumpren os requisitos recollidos no artigo 64 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.



Visto o que antecede e as consideracións xurídicas expostas, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación deste expediente e PROPOÑO que se autorice a modificación solicitada do documento técnico relativo ao investimento “Carpa desmontable” (expediente: 2024014014), que conta cun orzamento total de 11.858,00 €.

RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no artigo 63 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno. Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio”

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado e visto o informe da Intervención provincial de data 22/05/2025 que é desfavorable, á proposta de modificación do acordo de concesión de subvención por cambio de memoria técnica, pero non suspensivo e visto o informe xustificativo do Servizo de Cooperación de data 29/05/2025, que é favorable á proposta de modificación do acordo de concesión de subvención por cambio de memoria técnica, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- A modificación do documento técnico da *Asociación de veciños Hospital Pousadela* relativo ao investimento “Carpa desmontable” no marco do PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2024 que ha de rexer a execución do investimento. Esta modificación non implica o cambio na contía da subvención concedida na Xunta da Goberno de número 3.34326 de data 31/10/2024, pero si reduce o orzamento ata 11.858,00 €, establecendo a porcentaxe de financiación en 0,84331 %.
- Deixar en dispoñible no proxecto de gasto correspondente e na aplicación orzamentaria 25/942.4590.789.07.24 crédito por importe de 10.000,00 euros con destino a nova proposta de inversión que pretende acometer a *Asociación de veciños Hospital Pousadela* (CIF: G94020450).
- Lembrar que a, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2024 (BOPPO: 20/12/2023), aprobadas na Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 11 de decembro de 2023 e á demais lexislación vixente de subvencións, así como que a obra deberá estar executada e xustificada a día 30/04/2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo á *Asociación de veciños Hospital Pousadela* (CIF: G94020450), á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

11.35319.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “CONTRATO DERIVADO LOTE 1 DO ACORDO MARCO DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN ANO 2023” (EXpte.2024030726)

Resultando .- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 12 de xullo de 2024 acordou Adxudicar o Contrato derivado Lote 1 do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023” EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L., por importe de 665.125,49 € IVE incluído, e un prazo de execución de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.



Resultando.- Que con data 07/08/2024 formalizouse entre o contratista e o director de obra, acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 07/02/2025.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 28/02/2025 acordou conceder á empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L., unha ampliación de prazo de CATRO (4) MESES, na execución do contrato de obras “Contrato derivado Lote 1 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023)” establecendo coma data para finalizar a obra o día 07/06/2025.

Resultando.- Que con data 27/05/2025 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX_WEB2025040545), escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo de execución de DOUS (2) MESES, motivada polas seguintes causas:

- Inclemencias meteorolóxicas adversas durante 67 días, que impiden a execución do contrato segundo as condicións e calidades impostas no PPT. Xúntase informe meteorolóxico ó efecto.
- Incremento nos prazos de subministro de materiais necesarios para executar a obra.
- Dificultade para atopar man de obra cualificada debido a que escasea, sendo complicado a contratación de novo persoal.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 9KIZ2UWEIM3KEBKT informe do responsable do contrato, que recolle o seguinte: *“...esta dirección facultativa considera que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, entendendo xustificada a concesión da prórroga para a ampliación do prazo de execución da obra no prazo solicitado de DOUS (2) MESES, ata o 7 de agosto de 2025. Compre indicar que os partes meteorolóxicos xa os aporta o contratista no seu escrito de solicitude de prórroga.. [...]. Non existen afeccións ao proxecto, a outras condicións de execución nin a o prezo do contrato que impliquen a necesidade da modificación contractual máis alá da ampliación do prazo sinalada.”*

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: GR3U7ZBUDV1FB5Z8, informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor, no que se recolle que, *“...en atención o informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente, autorizando a ampliación do prazo de execución en DOUS (2) MESES, sendo a data de finalización deste contrato o 07/08/2025”*.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: *“...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”*

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: *“...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”*

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: *“1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”*



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder á empresa *Explotaciones Gallegas, S.L.*, unha ampliación de prazo de DOUS (2) MESES, na execución do contrato de obras “*Contrato derivado Lote 1 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023*”, establecendo coma data para finalizar a obra o día 07/08/2025., a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.

12.35320.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE GAS NATURAL EN DISTINTOS CENTROS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA MEDIANTE UN CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE GAS NATURAL DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP. (EXPTE.2025019841).

A Deputación de Pontevedra conta con distintos centros nos que a subministración de gas natural é imprescindible para o funcionamento de todos os seus equipos e instalacións, que funcionan con este tipo de enerxía e, en consecuencia, para o normal exercicio das actividades propias da Institución provincial.

O Pleno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 27 de novembro do 2020, acordou adherirse a Central de Contratación creada pola FEMP, a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre dita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

Entre os acordos marco subscritos pola devandita Central atópase o *Acordo Marco para a subministración de gas natural* adxudicado ás empresas ENDESA ENERGÍA, S.A.U. e GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. con data de 2 de agosto de 2024, e formalizado o 15 de setembro de 2024. Dito Acordo Marco conta cun prazo de duración de un ano, podendo ser obxecto dunha prórroga anual de doce meses, e atópase na actualidade en vigor, polo que poden adxudicarse contratos baseados no mesmo durante a súa vixencia.

As necesidades administrativas a satisfacer cos contratos baseados neste Acordo Marco son tanto a produción de enerxía térmica e auga quente sanitaria como para outros usos diversos de edificios e equipamentos das Entidades Locais asociadas e os seus entes dependentes.

A Deputación de Pontevedra considera de especial interese dito acordo marco posto que a tramitación deste tipo de expedientes resulta especialmente complexa desde o punto de vista técnico, precisado persoal experto na materia para o correcto deseño das especificacións técnicas da contratación. A Central de Contratación creada pola FEMP permite simplificar estas subministracións, regulando as condicións administrativas e técnicas das mesmas. Asemade, a compra a escala nacional e dirixida a multitude de entidades locais, permite obter mellores prezos nas contratacións.

A idoneidade da contratación fundaméntase na obrigatoriedade de dispor de lugares de traballo apropiados para o persoal desta Administración, segundo o establecido na Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o Real decreto 486/1997, de 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo e o Documento Básico de Aforro de Enerxía, na sección HEI2 relativa ás Condicións das instalacións térmicas, segundo o cal “*as instalacións térmicas das que dispoñan os edificios serán apropiadas para lograr o benestar térmico dos seus ocupantes*”.



En base ao exposto, con data 4 de abril de 2025, o Deputado Delegado de Acción Comunitaria, Equipamentos públicos e Estación Fitopatolóxica Areiro dita providencia na que se propón a contratación da Subministración de gas natural en distintos centros da Deputación de Pontevedra, mediante a subscripción dun contrato baseado no Acordo marco para a subministración de gas natural da Central de Contratación da FEMP.

Os centros obxecto da subministración proposta son o Museo Provincial; o Arquivo Provincial; o ORAL (Avenida de Marín, 11 Pontevedra), o ORAL (Avenida de Marín, 9 Pontevedra) e o Centro Príncipe Felipe.

O contrato proposto ten un período de duración dun ano, prorrogable un ano máis. O orzamento base de licitación é de 296.358,04 euros, conforme ao seguinte:

Centro gestor	Importe sen IVE	IVE (21%)	Importe con IVE
Museo	4.300,00 €	903,00 €	5.203,00 €
Arquivo Provincial	69.624,00 €	14.621,04 €	84.245,04 €
ORAL	9.000,00 €	1.890,00 €	10.890,00 €
Centro Príncipe Felipe	162.000,00 €	34.020,00 €	196.020,00 €

Tendo en conta que a Intervención emite os seguintes documentos de retención de crédito para facer fronte aos gastos derivados desta contratación:

Centro Xestor	RC	Aplicación orzamentaria	Importe (ive engadido)
Patrimonio Documental e Bibliográfico	12025000070282	25/332.3322.221.02	2.601,50 €
Centro Príncipe Felipe	12025000070286	25/232.2312.221.02	42.122,52 €
ORAL	12025000070287	25/932.9320.221.02	5.445,00 €
Museo	12025000074187	25/333.3330.221.02	98.010,00 €

Con data 6 de maio de 2025, o xefe do Servizo de Contratación emite proxecto de memoria xustificativa para a pretendida contratación. Consta no expediente memoria definitiva de data 29 de maio de 2025 (CSV: DG803F23LUT3XKAM).

Visto que o servizo de Contratación elabora o “documento de invitación” previsto na cláusula 21.1 do prego de cláusulas administrativas regulador do Acordo Marco, e solicita o preceptivo informe ao secretario xeral da Deputación.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 19 de maio de 2025 (CSV: ZGZPZIOTPPS8LIQO).

Tendo en conta o informe favorable da Intervención (CSV: 6Y9LE8N7ALNSBWFN) de data 29 de maio de 2025.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións que superen o importe de 60.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación da subministración de gas natural en distintos centros da Deputación de Pontevedra mediante un contrato baseado no Acordo Marco para a subministración de gas natural da Central de Contratación da FEMP (Lote 1: Área xeográfica Galicia, Asturias, Castela e León, Cantabria, País Vasco, A Rioxa, Navarra, Madrid).

A subministración contratarase, en segunda licitación, con algunha das empresas adxudicatarias do Acordo Marco (ENDESA ENERGÍA, S.A.U. ou GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.), nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas reguladores do devandito Acordo Marco.

O prazo de duración será dun ano, contado desde a adxudicación, coa posibilidade dunha prórroga anual.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 296.358,04 euros.

O valor estimado é de 489.848,00 euros.

2.- Aprobar o documento de invitación (CSV: 10X56RLGUJ7HY3VP) que rexerá dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 296.358,04 €, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

ANUALIDADE	CENTRO XESTOR	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS	Importe total (IVE incluído)
2025 (01/07/2025 a 31/12/2025)	PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO	332.3322.221.02	2.601,50 €
	CENTRO PRINCIPE FELIPE	232.2312.221.02	42.122,52 €
	ORAL	932.9320.221.02	5.445,00 €
	MUSEO DE PONTEVEDRA	333.3330.221.02	98.010,00 €
2026 (01/01/2026 a 30/06/2026)	PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO	332.3322.221.02	2.601,50 €
	CENTRO PRINCIPE FELIPE	232.2312.221.02	42.122,52 €
	ORAL	932.9320.221.02	5.445,00 €
	MUSEO DE PONTEVEDRA	333.3330.221.02	98.010,00 €



En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para a anualidade 2026 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na referida aplicación orzamentaria así como á aprobación do correspondente orzamento provincial.

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se adxudique o contrato.

4.- Nomear responsable do contrato a Antonio Giraldez da Cruz, Enxeñeiro Técnico Industrial do servizo de Arquitectura.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións de 7 días hábiles, contados desde o día seguinte a data do envío do documento de invitación a través da plataforma informática da Central de Contratación da FEMP.

13.35321.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE TRAMITADO PARA A CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO, POR PARTE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, DA SAÍDA E CHEGADA DA ETAPA 16ª DA VOLTA CICLISTA 2025 (EXPTE.2025007995).

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 25 de abril de 2025, acordou aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio publicitario, por parte da Deputación de Pontevedra, da saída e chegada da etapa 16ª da Volta Ciclista 2025 (Nº expte. 2025007995).

No mesmo acordo, acordouse invitar á empresa Unipublic, S.A. (CIF A28406775) a presentar proposición económica, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de dez días naturais, contado desde a data do envío da invitación da través da Plataforma de licitación electrónica (VORTAL) que se produce o día 28/04/25.

En data 02/05/25 a empresa Unipublic, S.A. (CIF A28406775) presenta oferta e unha vez examinada a documentación, a empresa resulta admitida no procedemento.

A oferta económica presentada é a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	115.702,48 €
IVE (21%)	24.297,52 €
Importe ofertado con IVE	140.000,00 €

A continuación, procédese á valoración da oferta presentada, de conformidade cos criterios de valoración automática establecidos nos pregos reguladores do procedemento, co seguinte resultado:

Criterios de adxudicación do contrato: Menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 100 puntos.

Empresa	Prezo ofertado sen IVE	Puntuación
Unipublic, S.A (CIF A28406775)	115.702,48 €	0,000 puntos



Por Resolución Presidencial nº 2025003680 de data 08/05/2025 requírese á citada empresa para que no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación xustificativa da garantía definitiva.

A empresa Unipublic, S.A (CIF A28406775), presentou a documentación requirida a través da Sede electrónica da Deputación de Pontevedra con data 23/05/25 (REX_WEB2025039794) e constituíu na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 5.785,12 €, segundo consta na carta de pago núm. 12025000100705 de data 26/05/2025.

Considerando o establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 100.000,00 euros (IVE incluído), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Adxudicar á empresa *Unipublic, S.A* (CIF A28406775) o contrato do “Patrocinio publicitario, por parte da Deputación de Pontevedra, da saída e chegada da etapa 16ª da Volta Ciclista 2025” polos seguintes prezos ofertados, e conforme ao establecido na súa oferta:

Importe ofertado sen IVE	115.702,48 €
IVE (21%)	24.297,52 €
Importe ofertado con IVE	140.000,00 €

O prazo de duración do contrato será de 6 meses, a contar desde a formalización do contrato e, en todo caso, ata o 14 de setembro de 2025.

Así mesmo, o prazo de duración da execución do patrocinio da etapa nº 16 corresponderá co día de celebración da mesma, o 9 de setembro de 2025.

Nomear responsable do contrato á xefatura do servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue.

As obrigas do presente contrato financiaranse de acordo co seguinte desglose:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE TOTAL CO IVE
2025	25/433.4320.226.20 (vinculación xurídica)	140.000,00 €
TOTAL		140.000,00 €

Forma de pagamento: Total



Fitos de facturación:

A Deputación realizará o pagamento á empresa contratista, previa recepción da factura correspondente, á finalización do contrato, previa conformidade outorgada polo Servizo de Turismo.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Administración: L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.: 2025007995
Órgano xestor: LA006122	Unidade tramitadora: LA0006135	Oficina contable: LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

14.35322.- DECLARACIÓN DE ABANDONO DAS EMPRESAS GRAFICAS EUJOA, S.A. (CIF: A33032780) E GRAFO, S.A. (NIF A48203996) DO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN PARA CONTRATAR OS SERVIZOS DE IMPRESIÓN DE DIVERSO MATERIAL, ENCADERNACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE LIBROS. (EXPTE.2022015213).

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 8 de xullo do 2022, aprobou o expediente para implementar un *Sistema dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros*.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o día 23 de setembro de 2022, decidiu incorporar ao Sistema Dinámico de Adquisición (categorías I e II) á empresa Gráficas Eujoa, S.A. (CIF A33032780); o contrato correspondente asinou o 20 de outubro de 2022 e entrou en vigor o 1 de novembro de 2022, estendéndose ata o 31 de decembro de 2023 e prevendo a posibilidade de dúas prórrogas anuais. O mesmo órgano, na reunión do 17 de febreiro de 2023, aprobou a admisión de Grafo, S.A. (NIF A48203996) nas mesmas categorías; este contrato formalizouse o 20 de marzo de 2023 e produciu efectos desde o 21 de marzo de 2023 ata o 31 de decembro de 2023, igualmente cun máximo de dúas prórrogas dun ano cada unha.



A primeira prórroga do sistema dinámico foi aprobada pola Xunta de Goberno o 1 de decembro de 2023, mentres que a segunda aprobouse o 18 de outubro de 2024, para o período que vai desde o 01 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2025, mantendo íntegras as condicións contractuais orixinais.

Xa nesta segunda prórroga, a Presidencia da Deputación emitiu a Resolución 2025001559 (7 de marzo de 2025), coa que convidou ás empresas admitidas a presentar ofertas para o contrato de impresión do catálogo da exposición «Infiltracións»; transcorrido o prazo de dez días naturais (ata o 18 de marzo), nin Gráficas Eujoa nin Grafo presentaron proposta. Aínda dentro do mesmo mes, a Resolución 2025002070 (20 de marzo de 2025) convocou á licitación do catálogo de «Pregar a pintura», co prazo de presentación pechado o 1 de abril, novamente sen ofertas por parte das dúas entidades.

Durante o mes de maio, mediante as Resolucións 2025003444 e 2025003487, ambas datadas o 2 de maio de 2025, cursáronse sendas invitacións para os contratos de impresión de material promocional do destino Rías Baixas e de libretas de merchandising da 32.^a Bienal de Arte de Pontevedra; as comunicacións remitíronse o 5 de maio de 2025 e o prazo expirou o 16 de maio, sen que Gráficas Eujoa, S.A. nin Grafo, S.A. chegaran a rexistrar oferta algunha en ningunha das dúas licitacións.

Tendo en conta que as empresas Gráficas Eujoa, S.A. (CIF: A33032780) e Grafo, S.A. (NIF A48203996) foron invitadas a presentar oferta na licitación de todos os contratos específicos que se tramitaron desde a sinatura do contrato, sen embargo, non presentaron oferta ás catro últimas invitacións consecutivas.

Tendo en conta que o apartado 7 do prego de cláusulas económico administrativas establece que *“en calquera momento de vixencia do presente sistema poderán as/os empresarios abandonalo, entendéndose que exerceron esta opción no caso de que non presenten oferta en catro licitacións consecutivas. En ambos casos é o órgano de contratación o encargado de acordar dita exclusión. O abandono do sistema non impedirá a reincorporación nun momento posterior”*.

Visto o informe do Xefe de Servizo de Contratación de data 28 de maio de 2025 no que, a modo de conclusión indica que:

“Tendo en conta que as empresas Graficas Eujoa, S.A. (CIF: A33032780) e Grafo, S.A. (NIF A48203996) non presentaron oferta aos catro últimos contratos específicos, de conformidade co apartado 7 do PCAP, considérase que abandonaron o sistema dinámico para contratar os servizos de impresión de diverso material e distribución de libros para a Deputación de Pontevedra”.

Considerando que a Xunta de Goberno foi o órgano que declarou a admisión das empresas no sistema dinámico para a adquisición dos servizos de impresión de diverso material e distribución de libros para a Deputación de Pontevedra ó estimarse que o valor dos contratos específicos superasen no seu conxunto os 100.000 euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluir por abandono ás empresas *Graficas Eujoa, S.A.* (CIF: A33032780) e *Grafo, S.A.* (NIF A48203996) do sistema dinámico para contratar os servizos de impresión de diverso material e distribución de libros para a Deputación de Pontevedra, ao non presentar oferta aos catro últimos contratos específicos.



15.35323.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L. (B-36.130.649) PARA RESPONDER DO CONTRATO RELATIVO Á OBRA “CONSTRUCCIÓN DE SENDA PEONIL NA E.P. 0206 PONTE CALDELAS-PARADA-XUSTANS (PONTE CALDELAS)” (EXPTE.2018032143)(DEVOGARÁN 2022074598).

Por acordo número 2.29109 adoptado pola da Xunta de Goberno, celebrada en sesión ordinaria, de data 03 de xullo de 2020 (CSV.- MCI50ZSVSXQ886YF), adxudicouse, mediante procedemento aberto simplificado a obra “*Construcción de senda peonil na E.P. 0206 Ponte Caldelas-Parada-Xustáns (Ponte Caldelas)*”. (Núm. Expte. 2018032143)

Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil *Montajes J.M. Iglesias, S.L.*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, que foi o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L. (B-36.130.649)	7.389,01€	202000110467	19/06/2020

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- 43FXWJXKDFY20FIW), no cal sinala que “(...) *considerando que se cumpriu o período de garantía ofertado de 36 meses dende a recepción das obras en data 27/10/2021, procede a devolución da fianza definitiva constituída polo contratista polo 5% do prezo de adxudicación sen IVE, por importe de sete mil trescentos oitenta e nove euros con un céntimo (7.389,01 €), segundo consta na carta de pagamento núm. 202000110467 de data 19/06/2020 (...)*”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.-U8K22CICO0U363VJ), no cal indica que existen na caixa da Deputación as constituicións por parte da entidade mercantil MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L., dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Construcción de senda peonil na E.P. 0206 Ponte Caldelas-Parada-Xustáns (Ponte Caldelas)*” (Núm. Expte. 2018032143), sen que existan obrigas pendentes.



- SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil CONSTRUCCIONES J.M. IGLESIAS, S.L. (B-36.130.649), por resultar adxudicataria de dito contrato e que foi a seguinte:

o A constituída en valores, mediante aval da entidade BANCO SABADELL, S.A. *-Inscrito no Rexistro especial de avais, co nº 10001186285-*, por importe de sete mil trescentos oitenta e nove euros con un céntimo (7.389,01 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 19/06/2020, segundo mandamento de ingreso con número de Carta de Pago 2020000110467 (Nº operación 12024000030337).

16.35324.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (EXPTES. 2025035572, 2025035212, 2025035660)

a) Vista a relación de operacións con número 2025035572 (CSV: LOT53PE4MATQ8YDX), que contén 6 operacións por un importe de 13.016,16€, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	12.834,66€
IVE soportable deducible	181,50€
Retencións	0,00 €
Total líquido	13.016,16€

b) Vista a relación de operacións con número 2025035212 (CSV: LWFJHUQNBFOB7I0I), que contén 2 operacións por un importe de 434,54 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	434,54€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	434,54€



c) Vista a relación de operacións con número 2025035660 (CSV: LAU7WAAQOC4O56EM), que contén 1 operación por un importe de 25,85 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	25,85 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	25,85 €

17.35325.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN FINS DE LUCRO PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2025 (EXPTE.2024068785)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na sesión ordinaria do día 5 de decembro de 2024, aprobou as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro para o fomento da igualdade de oportunidade e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2025.

Resultando que as bases reguladoras destas subvencións foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 10, de 16 de xaneiro de 2025, e as entidades interesadas nestas subvencións dispuxeron de un prazo para presentación de solicitudes ata o día 17 de febreiro de 2025.

Resultando que unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e feitos os requirimentos de documentación e as valoracións das solicitudes, a xefa do Servizo de Igualdade emite Informe-proposta (CSV: S0BYP1L65VQAK9XX) que se remite xunto cos expedientes a Intervención, na que especifica que se presentan a convocatoria un total de 53 solicitudes, das que 43 solicitudes foron presentadas por entidades que cumpren con cada un dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria, se ben 3 destas entidades non alcanzan a puntuación mínima esixida tras a valoración, e 10 entidades incumpren os requisitos establecidos nas bases reguladoras da presente convocatoria.

Resultando que con data 30 de maio de 2025, Intervención emite informe favorable (CSV: 3X00897BQVEKIOD9) sobre a tramitación do expediente de concesión das 40 solicitudes admitidas á convocatoria de subvencións ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro para o fomento da igualdade de oportunidade e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2025 e deixa constancia da existencia de crédito dispoñible para facer fronte a este gasto por importe de 200.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 25/250.2315.480.01.

Resultando que o día 30 de maio de 2025 reúnese a comisión de valoración para estudar os 53 expedientes presentados á convocatoria, admitíndose un total de 40 solicitudes, trece das solicitudes desestímense por non cumprir algún dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria.



Considerando que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado na base décima quinta da convocatoria destas subvencións, así como na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e a base 16.2 de execución do vixente orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- A concesión de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro para o fomento da igualdade de oportunidade e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2025, a favor das 40 entidades que a continuación se relacionan, por importe global de 200.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 25/250.2315.480.01, do vixente orzamento provincial, de acordo co seguinte detalle:

	Cód. expediente	NIF/CIF	Entidade	Obxecto subvención	Importe asignado
1	2025008442	F67875781	A MORADA NOSA SOCIEDADE COOP GALEGA	ESCOLA FEMINISTA DA MORADA	4.951,48 €
2	2025006644	G27820182	ARELAS. ASOC DE FAMILIAS DE MENORES E MOCIDADE TRANS DE GALICIA	QUÉRE-TRANS	5.173,19 €
3	2025005274	G27727593	ASOC ACCION SOLIDARIA GALICIA (ASDEGAL)	MULLERES CON MOITO QUE DICIR 2025	3.820,00 €
4	2025008563	G86107372	ASOC AMAR-DRAGOSTE	ATENCIÓN A VÍCTIMAS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL EN PONTEVEDRA	5.025,38 €
5	2025008199	G36776920	ASOC DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER Y OTRAS DEMENCIAS DE GALICIA	O TEU CARÓN- ACOMPAÑAMENTO INTERDISCIPLINARIO A MULLERES COIDADORAS	5.025,38 €
6	2025008608	G94194701	ASOC DE MULLERES EN IGUALDADE DE TUI	CONTOS COEDUCATIVOS	4.803,68 €
7	2025008414	G36100071	ASOC DE PAIS E NAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PSIQUICA - ASPAMSIM	EMPODERAMENTO A TRAVES DA MUSICA E O BAILE	4.000,00 €
8	2025008423	G27783950	ASOC DIVERSIDADES	DONAS DA CIDADE 2025	5.320,99 €
9	2025008609	G36020691	ASOC PROV AMAS DE CASA Y CONSUMIDORES RIAS BAIXAS	ESCOLA DE EMPODERAMENTO DA MULLER	3.695,14 €



10	2025006232	G36627453	ASOC VIGUESA DE ALCOHOLOGIA ASVIDAL	NOS MESMAS 2025	4.064,65 €
11	2025008251	G70370119	ASOC. PUNTO DELAS SECRETARIA DAS MULLERES	REDE LABREGA VIVA	4.685,90 €
12	2025008215	G36624120	ASOCIACION APAMP	AO TEU CARÓN III	5.025,38 €
13	2025008047	G36624963	ASOCIACION CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA	PROGRAMA CASANDRA. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN INTEGRAL DE LA VIOLENCIA DE GÉNERO	6.133,92 €
14	2025007905	G27826999	ASOCIACION DE EMPRESARIAS DE GALICIA	VII FORO DE LA MUJER	4.434,16 €
15	2025008431	G36341113	ASOCIACION DE MAIORES DE PONTEAREAS	MULLERES EN ACCIÓN	2.961,09 €
16	2025006705	G36642726	ASOCIACION ERGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUCTAS ADICTIVAS	GRUPOS DE AUTOAXUDA PARA MULLERES VULNERABLES DOS CENTROS DE SAUDE DA AREA SANITARIA DE VIGO	5.394,90 €
17	2025008032	G16824088	ASOCIACION IRIS SOCIAL	NASTI DE PLASTI	4.508,06 €
18	2025008035	G15656762	ASOCIACION PARA A PROMOCION E INTEGRACION DAS MULLERES GALEGAS DO RURAL AGRA	20 ANOS DA LEI ORGANICA 1/2004 DE MEDIDAS DE PROTECCIÓN INTEGRAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	5.986,12 €
19	2025008426	G36527745	ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO SOCIAL DA COMARCA DO DEZA	SEMENTANDO IGUALDADE	4.581,97 €
20	2025006365	G27746486	ASOCIACION XARUMA	VOCES MORADAS: PROXECTO DE APODERAMENTO FEMININO EN SAÚDE MENTAL	5.320,99 €
21	2025006229	R1500053B	CARITAS DIOCESANA DE SANTIAGO	LUCHA CONTRA LA POBREZA FEMENINA 2025	4.729,77 €



22	2025008185	R3600131A	CASA SANTA MARIA DE LA ESPERANZA ESCLAVAS VIRGEN DOLOROSA	MULLERES QUE BRILLAN III	5.394,90 €
23	2025008456	R3600113I	COLEGIO NTRA SRA DE FATIMA EN CRECIENTE ESCLAVAS DE LA VIRGEN DOLOROSA	UNHA HISTORIA DE MULLERES	5.616,61 €
24	2025006651	G32115941	CONFEDERACION GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	ACTIVANDO O RURAL - O EMPODERAMENTO DAS MULLERES CON DISCAPACIDADE	5.025,38 €
25	2025008209	Q2866001G	CRUZ ROJA ESPAÑOLA	AUTOPROTECCION PARA MULLERES	5.099,29 €
26	2025008008	G36164887	DOWN PONTEVEDRA XUNTOS ASOC SINDROME DE DOWN	MULLERES CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL: ABORDAXE DA SEXUALIDADE E DAS EMOCIÓN	6.060,02 €
27	2025008045	G36697324	DOWN VIGO ASOC PARA EL SINDROME DE DOWN	MULLER: EDUCACIÓN PARA A SAÚDE	6.060,02 €
28	2025008440	G36344950	FEDERACION ASPACE GALICIA	COÑEZO OS MEUS DEREITOS, EXERZO OS MEUS DEREITOS	5.320,99 €
29	2025007979	G15545353	FEDERACION DE ASOCIACIONES DE FAMILIARES E ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA	PROXECTO DE ATENCIÓN INTEGRAL PARA MULLERES CUN PROBLEMA DE SAÚDE MENTAL	6.651,27 €
30	2025008021	G15068091	FEDERACION DE ASOCIACIONES DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA	INTERVENCIÓN SOCIAL CON MULLERES XORDAS PARA A AUTONOMÍA PERSOAL E A IGUALDADE	4.655,87 €
31	2025008202	G81454969	FUNDACION AMIGÓ	ACOMPANANDO	5.320,99 €



32	2025005883	G15859911	FUNDACION AMIGOS DE GALICIA	PROGRAMA DE RECURSOS INTEGRAIS PARA MULLERES EN ESPECIAL VULNERABILIDADE E/OU CON SINGULARES DIFICULTADES	5.468,80 €
33	2025006222	G36797579	FUNDACION CUME PARA EL DESARROLLO DE CULTURAS Y PUEBLOS	CUME ATENCIÓN INTEGRAL A MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO FASE II	4.138,55 €
34	2025005621	G36861078	FUNDACION ERGUETE-INTEGRACION	PROXECTO DANA	5.099,29 €
35	2025008002	G27753367	FUNDACION FORMAVIGO	MELLORA DA EMPREGABILIDADE DAS MULLERES EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE NA COMARCA DE VIGO	5.099,29 €
36	2025007903	G27866763	FUNDACION IMPULSARSE PARA EL DESARROLLO DEL EMPLEO Y LA INTEGRACION SOCIAL	YO SOY TU PUNTO VIOLETA	3.473,43 €
37	2025004230	G36880615	FUNDACIÓN INTEGRA PARA LA DISCAPACIDAD INTELECTUAL	PROXECTO INTEGRA: NA PROCURA DA IGUALDADE PARA MULLERES CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL	5.247,09 €
38	2025005990	G24452435	FUNDACION JUAN SOÑADOR	ITINERARIOS INDIVIDUAIS E ESPAZO DE ENCONTRO ENTRE MULLERES	6.060,02 €
39	2025007991	G15551120	FUNDACION MENIÑOS	PROGRAMA DE ATENCIÓN PERINATAL PARA NAIS EN VULNERABILIDADE SOCIAL	5.542,70 €
40	2025008243	G27023951	SINDICATO LABREGO GALEGO-COMISIONS LABREGAS	RAICES FEMINISTAS	5.023,34 €



2.- Autorizar, consonte ao establecido na base decimo sétima k), a participación de persoas vinculadas á entidade as seguintes solicitantes:

- Confederación Galega de Persoas con discapacidade
(CIF: G32115941 / Expediente: 2025006651)
- A Morada Nosa Sociedade Coop Galega
(CIF: F67875781 / Expediente: 2025008442)
- Asociación provincial Amas de Casa y Consumidores Rías Baixas
(CIF: G36020691 / Expediente: 2025008609)

3.-Desestimar as solicitudes das seguintes entidades por non cumprir os requisitos recollidos nas bases reguladoras da convocatoria:

Sete entidades non subsanan tralo requirimento, ou o fan de maneira incorrecta:

- Asociación Transmiño
(CIF: G94196516/ Expediente 2025005016)
- Asociación de Caride Santiago Apóstol
(CIF: G36204931/ Expediente: 2025007901)
- Asociación O Son do Pobo
(CIF: G94017704/ Expediente 2025008271)
- Asociación Woman Defense Solidaria
(CIF: G10547644/ Expediente 2025008406)
- Asociación de Xubilados e Pensionistas Caldenses
(CIF:G36455178/ Expediente 2025008443)
- Asociación de Empresarios de Mos
(CIF: G36223543/ Expediente 2025008449)
- Arnela Soc. Coop. Galega
(CIF: F72575616 / Expediente 2025008473)

Dúas entidades incumpren a base cuarta por non presentar certificado de inscrición no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia (RUEPSS) na área de igualdade:

- Asociación Xuvenil Cultural Staccato
(CIF:G36592582/ Expediente 2025008018)
- Asociación de atención a la parálisis cerebral y afines AMENCER-ASPACE
(CIF: G36153757/ Expediente 2025007996)

Unha entidade incumpre o establecido na base sétima:

- Asociación diagnosticados de cancro de mama ADICAM
(CIF G36380301/ Expediente 2025006230)

Tres entidades incumpren a base decimo cuarta, non alcanzando a puntuación mínima necesaria:

- Asociación para el desarrollo educativo y cultural
(CIF: G94153053/ Expediente 2025008042)
- Asociación de mulleres rurais e culturais Albor de Valga
(CIF: G36187524/ Expediente 2025008280)



- Dalle que Dalle S. Coop Galega
(CIF: F94096021/ Expediente 2025008606)

18.35326.- EXERCICIO DE OPCIÓN DE COMPRA DA EMPRESA TRANSFRÍO RÍAS
BAIXAS, S.L. SOBRE A PARCELA A-15 DO POLÍGONO INDUSTRIAL
OUTEDA-CURRO, BARRO.(EXPTE.2025032742)

Dada conta do informe-proposta do técnico colaborador do Polígono Industrial Outeda-Curro (Barro), que conta co conforme do Secretario Xeral, de data 27 de maio de 2025, que textualmente di:

“Vista a solicitude presentada por D. Jose Manuel López Domínguez, actuando en nome e representación da empresa TRANSFRÍO RÍAS BAIXAS, S.L., con CIF: B27826965, sobre o asunto arriba indicado (nº de rexistro web2025037526/ data 16 de maio de 2025), pola presente emítese o seguinte

INFORME

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. A Xunta de Goberno Provincial, na sesión celebrada o 24 de xaneiro de 2022, acordou outorgar á empresa Transfrío Rías Baixas, S.L a constitución dun dereito de superficie, con opción de compra, sobre a parcela A-15 do Polígono Industrial Outeda-Curro, Barro, de 2.212,64 m², cun canon anual ofertado de 15.903,13, IVE incluído, máis as actualizacións correspondentes.

As características da parcela A-15 son as seguintes:

Superficie: 2.212,64 m²

Ocupación máxima: 1.444,83 m²

Coefficiente de Edificabilidade: 1,10%

Edificabilidade: 2.433,90 m²

Lindes:

Norte: PARCELA A-18

Sur: PARCELA A-11

Leste: VLARIO-APARCADOIRO

Oeste: PARCELA A-14

INSCRIPCIÓN.- Figura inscrita no Rexistro da Propiedade de Caldas de Reis, ao Tomo 815, Libro 74, Folio 204, Finca número 10.192.

REFERENCIA CATASTRAL: 36002A049003360000HT

Devandito acordo de constitución dun dereito de superficie sobre a parcela A-15, por un prazo de 25 anos, coa posibilidade de exercer durante os cinco primeiros un dereito de opción de compra, elevouse a escritura pública (nº 312) outorgada o 18 de febreiro de 2022 ante o Notario de Pontevedra, D. José Manuel Gómez Varela.



Segundo. O 16 de maio de 2025 (registro web2025037526) a empresa Transfrío Rías Baixas, S.L. presenta escrito no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra a través do cal solicita o exercicio da opción de compra da parcela A-15, mediante a modalidade de pago único, xuntando a documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias, coa seguridade social e a Deputación de Pontevedra.

Terceiro. Dita solicitude é completada en data 23 de maio de 2025 mediante o registro do aval nº 0182001150914, emitido polo Banco BBVA, por importe de 13.143,08 €, en concepto de fianza definitiva para exercitar a opción de compra sobre a parcela A-15 e que depositou nesa mesma data na Tesourería da Deputación de Pontevedra.

TRATAMENTO TÉCNICO

Primeiro. De conformidade co disposto na cláusula oitava do PCAP, poderase exercitar o dereito de opción de compra -de xeito gratuito- dentro dos cinco primeiros anos dende a constitución do dereito de superficie para o cal o superficiario haberá de comunicar de forma fidedigna á Deputación a súa intención de exercitar aquel.

No caso de que o superficiario decidise adquirir a propiedade da parcela, a compravenda formalizarase de conformidade coas seguintes condicións:

-O prezo total da compravenda será o recollido nas táboas do anexo IV dos pregos, que para esta parcela é de 265.052,14 euros, IVE incluído, actualizado coas variacións experimentadas polo Índice de Prezos ao Consumo que, de forma acumulativa e cun límite máximo de variación anual do 1,5% e mínimo do 0%, tivera lugar ata o momento en que se exercite polo superficiario o dereito de opción de compra.

-Ao pago do prezo total, determinado na forma indicada no apartado anterior, aplicaranse os seguintes importes pagados polo superficiario en función da anualidade en que se exercite o dereito de opción de compra:

- O 100% do canon satisfeito pola primeira anualidade.
- O 100% do canon satisfeito pola segunda anualidade.
- O 90% do canon satisfeito pola terceira anualidade.
- O 80% do canon satisfeito pola cuarta anualidade.

Respecto da forma de pago do prezo total resultante, o adquirente elixiu abonar o 100% dese prezo, máis o IVE total da operación, no acto de sinatura da escritura pública de compravenda.

A este respecto, no informe que emita a Intervención provincial reflectirase a cantidade exacta que se terá que abonar no momento da sinatura da escritura de compra venda.

Segundo. De conformidade co disposto na cláusula oitava do PCAP, en relación coa décimo oitava, é necesario que a empresa constituía garantía definitiva xa que no momento de exercitarse a opción de compra aínda non se iniciou a actividade na devandita parcela.

Unha vez constituída dita garantía definitiva, e previa solicitude do interesado, a Deputación procederá á devolución da garantía constituída previamente na modalidade de dereito de superficie.



Terceiro. Traslado o anterior ao presente expediente, a solicitude da empresa Transfrío Rías Baixas S.L. cumpre todas as premisas sinaladas xa que comunica á Deputación de Pontevedra, en tempo e forma, a súa intención de exercer o dereito de opción de compra sobre a parcela A-15 (modalidade de pago único), e aporta a documentación que acredita estar ao corrente coas súas obrigas tributarias, coa Deputación de Pontevedra e coa Seguridade Social; así mesmo, a empresa depositou na Tesorería Provincial o aval nº 0182001150914, emitido polo Banco BBVA, por importe de 13.143,08 €, en concepto de fianza definitiva para exercer a opción de compra sobre a parcela A-15.

CONCLUSIÓN

Á vista do anterior, infórmase favorablemente a solicitude da empresa Transfrío Rías Baixas, S.L. (CIF B-27826965) para exercer a opción de compra sobre a parcela A-15 do Polígono Industrial Outeda-Curro (Barro), da cal xa é superficiario, nos termos expostos.”

Visto o informe favorable á tramitación do expediente emitido pola Intervención Provincial, de data 30 de maio de 2025, onde se reflicte que unha vez realizada a oportuna actualización do IPC e a dedución do importe pagado en concepto de canon correspondente ao 100% da primeira e segunda anualidade, 90% da terceira e 80% da cuarta, o valor da presente compravenda ascende a cantidade de 219.733,16 euros (IVE incluído) conforme ao seguinte detalle:

PARCELA A-15 (2.212,64m² *99,00€/m², sen IVE)

CONCEPTO	DATA	VALOR (SEN IVE)	IPC (2022) (*)	IPC (2023) (*)	IPC (2024) (*)	IPC (2025) (*) Medio año	VALOR ACTUAL (30/06/2025)	IVE (21%)	TOTAL ACTUALIZADO (IVE ENGADIDO)
PARCELA A-15 (2.212,64m ² *99,00€/m ² (sen IVE)	26/01/2022	219.051,36 €	1,50%	1,50%	1,50%	0,75%	230.775,20 €		
100% CANON 1ª ANUALIDADE	26/01/2022	12.242,87 €							
100% CANON 2ª ANUALIDADE	31/03/2023	13.143,08 €							
90% CANON 3ª ANUALIDADE	31/03/2024	12.420,21 €							
80% CANON 4ª ANUALIDADE	31/03/2025	11.371,39 €							
VALOR ACTUAL PTE. DE COBRO (DEDUCIDO O CANON PAGADO EN CONCEPTO DE DEREITO DE SUPERFICIE 1ª a 4ª ANUALIDADE)							181.597,65 €	38.135,51 €	219.733,16 €

Á vista do exposto, de conformidade co establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aceptar o exercicio do dereito de opción de compra solicitado pola empresa Transfrío Rías Baixas, S.L. (CIF B-27826965) para a adquisición da parcela A-15 do Polígono Industrial Outeda-Curro (Barro), da cal xa é superficiario, na modalidade de pago único e por un importe de 219.733,16 euros (IVE incluído), nos termos expostos.



19.35327.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN INTEGRAL DO PLAN DE MEDIOS, IMPRESO E DIXITAL, DA BIENAL DE ARTE DE PONTEVEDRA PARA A EDICIÓN DO ANO 2025 (EXPTE.2024081007)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 28 de marzo de 2025, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do “*Servizo de xestión integral do Plan de Medios, impreso e dixital, da Bienal de Arte de Pontevedra para a edición do ano 2025*”.

Resultando.- Que de conformidade co sinalado no citado acordo, a adxudicación quedaba condicionada á obtención de financiamento adecuado e suficiente a través da tramitación e aprobación de dous expedientes de modificación de crédito: unha suplementación de crédito con cargo a fondos propios e unha xeración de crédito, esta última derivada do “*Convenio entre a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra para o financiamento das actividades a realizar dentro do marco da Bienal de Arte de Pontevedra*” (Exp. 2025004128).

Resultando.- Que no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 86, de data 8 de maio de 2005, publicouse a aprobación definitiva de varias modificacións de crédito, aprobada inicialmente polo Pleno na súa sesión ordinaria do día 28 de marzo de 2025, entre as que se atopa unha suplementación de crédito, por importe de 120.000,00 euros no proxecto de gasto 24_0019 “Bienal de arte” da aplicación orzamentaria 25/333.3341.226.02.

Por outra banda, unha vez formalizado o convenio arriba referenciado, mediante Resolución Presidencial número 2025004583, de data 03 de xuño de 2025, aprobouse o expediente de xeración de crédito 09/25, polo que se emite o documento contable GEN número 12025000106068, polo importe de 150.000,00 euros, con cargo ao mesmo proxecto de gasto e aplicación orzamentaria.

Resultando.- Que o procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 01 de abril de 2025. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Resultando.- Que rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 24 de abril de 2025, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, resultando admitidas as seguintes empresas:

- AVANTE EVOLUCIÓN DE MEDIOS, S.L.U. (NIF: B70509971)

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do Museo de Pontevedra para a súa valoración.



Resultando.- Que recibido informe do servizo do Museo de Pontevedra, de data 30 de abril de 2025 (CSV: 010QFYL1GCO8CLEG), a Mesa de Contratación na súa sesión do día 08 de maio de 2025, presta conformidade ás puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos da única empresa que participa no procedemento e que acada unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados pola empresa AVANTE EVOLUCIÓN DE MEDIOS, S.L.U. (NIF: B70509971) se recollen no certificado da Mesa de Contratación sinalado (CSV: V5DZG6KCN93JSRW0).

Resultando.- Que feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas, a puntuación que obtén a empresa AVANTE EVOLUCIÓN DE MEDIOS, S.L.U. (NIF: B70509971) no sobre C é de: 43,386 puntos.

As puntuación totais do sobre B máis o sobre C son as seguintes:

TOTAL PUNTUACION B (<i>Ata un máx. de 30 puntos</i>)	22,000 puntos
TOTAL PUNTUACION C (<i>Ata un máx. de 70 puntos</i>)	43,386 puntos
TOTAL B+C	65,386 puntos

Resultando.- Que a Mesa de Contratación, na súa reunión de data 15 de maio de 2025, aproba a clasificación da oferta presentada e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor da empresa AVANTE EVOLUCIÓN DE MEDIOS, S.L.U. (NIF: B70509971) que acada a puntuación de 65,386 puntos.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a empresa atópase inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 5777 e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Ditos certificados acreditan, a tenor do neles reflectidos e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial número 2025004206, de data 22 de maio de 2025, o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa AVANTE EVOLUCIÓN DE MEDIOS, S.L.U. (NIF: B70509971), que presenta a mellor oferta cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación esixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

Resultando.- Que visto que a empresa AVANTE EVOLUCIÓN DE MEDIOS, S.L.U. (NIF: B70509971) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (nº de rexistro de entrada: WEB2025041028, de data 28 de maio de 2025), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 9.050,00 euros (documento contable núm. 1202500010393, de data 29 de maio de 2025).



Resultando.- Que visto que, con data 03 de xuño de 2025, pola Intervención emítese documento contable RC número 12025000106152, por importe de 250.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 25/333.3341.226.02.

Considerando.- Que en virtude dos artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Considerando.- Que por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2 a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato do “servizo de xestión integral do Plan de Medios, impreso e dixital, da Bienal de Arte de Pontevedra para a edición do ano 2025”, á empresa AVANTE EVOLUCIÓN DE MEDIOS, S.L.U. (NIF: B70509971) polo importe de 219.010,00 € (IVE engadido), que se desagrega conforme ao seguinte detalle:

Prezo total ofertado, sen IVE	IVE (21%)	Prezo total ofertado, co IVE
181.000,00 €	38.010,00 €	219.010,00 €

A duración do contrato será de 9 meses, a contar dende a data de formalización do mesmo debendo de finalizar, en todo caso, o día 30 de decembro de 2025, tomando en consideración que a celebración da Bienal terá lugar en Pontevedra entre o 21 de xuño e o 30 de setembro de 2025.

Asemade, establécense os seguintes prazos de execución parciais:

- A presentación da proposta de planificación do Plan de Medios realizarase no prazo de 15 días hábiles, a contar dende a data de formalización do contrato.
- A proposta de seguimento, control e avaliación da execución do Plan de Medios, a cal presentárase unha vez acordada a proposta de planificación.
- A presentación do informe de avaliación final de resultados realizarase no prazo de 1 mes, a contar dende a clausura da Bienal.

Non se prevén prórrogas para esta contratación.



Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse de acordo coa seguinte distribución:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total, co IVE
2025	25/333.3341.226.02 Proxecto de gasto 24_0019 “Bienal de arte”	219.010,00 €

Forma de pagamento: Parcial

Os pagos á empresa adxudicataria realizaranse de forma fraccionada tras o cumprimento dos fitos establecidos, consistentes na entrega da documentación correspondente e posterior validación por parte do servizo do Museo de Pontevedra, segundo se recolle a continuación:

- 10% do prezo de adxudicación aboarase ao remate da FASE 1: PLANIFICACIÓN (1º mes de execución do contrato), previa presentación da correspondente factura acompañada da entrega do plan de medios nos termos sinalados no PPT.
- O 85% do prezo de adxudicación aboarase mensualmente, contra a presentación contra a presentación da(s) correspondente factura(s), acompañada da documentación xustificativa do desenvolvemento das accións e insercións publicitarias levadas a cabo no mes facturado.
- O 5% do prezo de adxudicación aboarase unha vez concluída a Bienal, previa presentación da correspondente factura acompañada do informe final de avaliación da campaña.

O orzamento do contrato así como o prezo de adxudicación é máximo polo que a cantidade final destinada a sufragar as prestacións obxecto do mesmo, estará condicionada ás prestacións realizadas derivadas do Plan de Medios e das necesidades reais do Museo de Pontevedra, sen que sexa obrigatorio esgotar o referido orzamento e/ou importe de adxudicación resultante.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2024081007	
Órgano xestor:	LA0006116	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135



Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: A xefa de xestión do Museo de Pontevedra ou persoa en quen delegue.

2.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

20.35328.- COMUNICACIÓNS

a) DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DA CANCELACIÓN DA INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE ENTIDADES LOCAIS DA MANCOMUNIDADE TERRAS DE PONTEVEDRA (EXPTE.2024081663)

Dáse conta á Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra do escrito do Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática remitido en data 21/05/2025 con núm. de entrada no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra 2025008771, relativo á cancelación da inscrición no Rexistro de Entidades Locais con motivo da súa previa disolución e liquidación, no que se comunica que:

“Vista la publicación en el Diario Oficial de Galicia número 85, de 06 de mayo de 2025, de la Orden de 24 de abril de 2025 por la que se dispone la publicación del acuerdo de disolución, liquidación y distribución del patrimonio de la Mancomunidad Terras de Pontevedra.

De conformidad con lo previsto en el artículo 9 del Real Decreto 382/1986, de 10 de febrero (BOE núm. 47, de 24 de febrero), por el que se crea, organiza y regula el funcionamiento del Registro de Entidades Locales, en relación con el artículo 5.1.f) del Real Decreto 273/2024, de 19 de marzo, por el que se desarrolla la estructura orgánica básica del Ministerio de Política Territorial y Memoria Democrática, le participo que con esta misma fecha la Dirección General de Régimen Jurídico Autonómico y Local ha resuelto proceder a la cancelación de la inscripción en el Registro de Entidades Locales de la Mancomunidad Terras de Pontevedra (Pontevedra) con número de inscripción 0536012.

Lo que se da traslado a esa Diputación Provincial, de acuerdo con lo dispuesto en el artículo 55 d) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local.

EL DIRECTOR GENERAL,
Gonzalo Díaz Millán”.



A Xunta de Goberno queda enterada da cancelación da pola Dirección General de Régimen Jurídico Autonómico y Local da inscrición no Rexistro de Entidades Locais da Mancomunidade Terras de Pontevedra (Pontevedra) con número de inscrición 0536012.

b) DAR CONTA DA SENTENZA LEVADA POLO SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA DESTA DEPUTACIÓN:

SENTENZA DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA, DITADA EN AUTOS DO PROCEDEMENTO ABREVIADO NÚMERO 298/24, PROMOVIDOS POLA MERCANTIL VIVE NIGRÁN, S.L., SOBRE MATERIA DE CONTRATACIÓN. (EXPTE. Nº 2024075696)

Dada conta que con data 26 de maio de 2025 notifícase sentenza do Xulgado contencioso-administrativo nº 2 de Pontevedra (ditada en autos de procedemento abreviado número 298/24, promovidos pola mercantil VIVE NIGRÁN, S.L. contra a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto fronte a resolución presunta que decidiu non adxudicar á entidade demandante o contrato de patrocinio publicitario para a edición 2023 do festival Vive Nigrán) na que se estima parcialmente a demanda, acordando retrotraer as actuacións a fin de que se dite resolución que se deberá notificar á interesada, motivando e explicando as causas de por que non se adxudicou o contrato de patrocinio á entidade demandante, sen expresa condena en custas e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da citada sentenza e ordea o cumprimento nos seus propios termos.

21.35329.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADA, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025-LIÑA 1, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “RECUPERACIÓN DE ESPAZO PARA USO PEONIL NO ENTORNO DA IGREXA DE SANTA MARÍA DE SACOS” (EXPTE 2025029932).

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- Mediante resolución presidencial RP2025002104, de data 21/03/2025, se lle concedeu ao *concello de Cerdedo-Cotobade*, unha subvención por importe de 18.212,79 €, con obxecto do financiamento do investimento “*Posta en valor construcións do Castro Arcelas cara o aproveitamento turístico*” (expediente 2025009782).
- Mediante resolución presidencial RP2025001561, de data 07/03/2025, se lle concedeu ao *concello de Cerdedo-Cotobade*, unha subvención por importe de 31.142,47 €, con obxecto do financiamento do investimento “*Adquisición de 2 inmobles en Parada (S. Pedro de Parada) para destinalas a alugueiro social*” (expediente 2025003683).



- En data 02/06/2025 mediante rexistro WEB2025042053, o *concello de Cerdedo-Cotobade* achega certificado da resolución da Alcaldía nº 2025-0689 de data 29/05/2025, mediante o que desiste ás subvencións referidas nos parágrafos anteriores e á solicitude “*Mellora e acondicionamento das piscinas fluviais en Viascón*” polo importe de 120.314,24 €
- En data 05/06/2025 mediante resoluciones presidenciais RP2025004663 e RP2025004664, acéptase as desistencias do *concello de Cerdedo-Cotobade*, o que deixa en dispoñible na aplicación orzamentaria 2025/942.9425.75.45 e no correspondente proxecto de gasto, crédito por importe de 169.669,50 € sen estar afectado a ningún fin.
- En data 07/05/2025 mediante rexistro WEB2025034087 o *concello de Cerdedo-Cotobade*, formalmente e en prazo, solicita unha subvención, por importe de 111.819,39 euros, con obxecto do financiamento do investimento “*Recuperación de espazo para uso peonil no entorno da Igrexa de Santa María de Sacos*”, en base a un orzamento polo importe de 326.500,00 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas
326.500,00€	111.819,36€	214.680,61€

- A nova petición cumpre os requisitos que establecen as Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 para a Liña 1, contando con informe favorable dos facultativos técnicos da Deputación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025.



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Base reguladora 15ª do Plan + Provincia 2025 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

PROCEDENCIA DA CONCESIÓN

- Base 28ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025, que dispón con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión e antes de que conclúa o prazo para a realización dos investimentos obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen intereses de terceiras persoas, poderase solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada.
O cambio de finalidade pola desistencia total ou parcial á subvención deberá ser motivado e o seu outorgamento axustarase a procedemento recollido na presente base reguladora.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 08/05/2025, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 05/06/2025, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 05/06/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cerdedo-Cotobade* CIF P3600048G a cantidade de 111.819,39 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Recuperación de espazo para uso peonil no entorno da Igrexa de Santa María de Sacos*” (expediente: 2025029932), en base a un orzamento (CSV: JKUU6FL711ICEQMQ) polo importe de 326.500,00 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas
326.500,00€	111.819,36€	214.680,61€



- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias e as licenzas e permisos preceptivos para a execución das obras ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente Plan.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 34 do Plan + Provincia 2025, o investimento subvencionado deberá estar executadas a 31 de decembro de 2026 e xustificado a 31 de marzo de 2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Cerdedo-Cotobade*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

22.35330.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta e cinco minutos horas do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario Acctal. que dou fe.

